

O Pino acollerá o 5 de xullo a festa do conto oral galego

La Voz

O PINO | A capital municipal de O Pino, Arca, acollerá, por segundo ano consecutivo, a denominada Festa da Narración Oral de Galiza. O colectivo Tá-talo e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega organizan a iniciativa co obxectivo de contribuír ao mantemento e á difusión do conto popular galego, que se foi transmitindo, ata os tempos que corren, xeración tras xeración.

É así como o programa inclúe numerosas sesións de contacontos abertas ao público e actividades formativas orientadas aos educadores, que, dende o seu traballo, poden xogar un papel fundamental na transmisión do conto oral. A xornada celebrárase o vindeiro 5 de xullo e nela participarán os narradores orais de máis sona de Galicia como son Paula Carballeira, Quico Cadabal, Xurxo Souto e Cándido Pazó. Serán eles os que abran a primeira sesión de contacontos, programada a partires da sete da tarde no auditorio do Centro Sociocultural Luis Seoane. As historias e lendas do Camiño de Santiago protagonizarán as intervencións, logo das que Guadi Ga-

lego e Guille Fernández, integrantes do grupo musical Espido, ofrecerán o mellor do seu repertorio aos asistentes.

As sesións de contacontos trasladaranse aos establecementos de hostalería de Arca a partires das dez e media da noite. Eva Varela, Róber Bodegas, Celso Sanmartín e Carlos Santiago actuarán de animadores para impulsar a participación dos asistentes. A actuación da agrupación de gaitas Tombalobos pechará, xa de madrugada, a xornada, para a que tamén está programada una ludoteca infantil no colexio público de O Pino.

En aras a pechar os preparativos da segunda Festa da Narración Oral de Galiza, a Nova Escola Galega abriu o prazo de inscrición para o programa formativo dirixido ao profesorado. Este desenvolverase durante a mañá a través de catro obradoiros e dúas conferencias. O mestre e escritor, Antón Cortizas; a compoñente do grupo Leilía, Montserrat Rivera; o escritor, Bieito Iglesias; e a actriz, narradora e tamén escritora, Paula Carballeira serán os encargados de formar aos educadores nas claves para unha transmisión efectiva do conto oral.

La Voz, 12/6/08